

## Música tradicional, obradoiros e unha andaina nocturna propón Peiteiros na Semana Cultural.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Luns, 10 Agosto 2015 18:04

---



O vindeiro sábado 22 de agosto, ás 20 horas, o Centro Cultural de Peiteiros, Gondomar, celebra o XXII Festival Folclórico Internacional. Como xa se fixo o ano pasado, como actividade previa ao Festival Folclórico, celébrase a Semana Cultural que comezará o domingo 16.

### **Semana Cultural**

O domingo 16 ás 12:00 será o acto de inauguración do XXII Festival Folclórico e da III Semana cultural coa proxección do vídeo *As nosas festas de alá* e a inauguración dunha mostra de pintura e escultura coa presenza dos artistas. O documental *As nosas festas de alá*, restaurado polo Arquivo da Emigración Galega e o Centro Galego de Artes da Imaxe, foi realizado en 1928 con financiamento da "Unión de Hijos de Morgadanes" de Montevideo. O vídeo mostra imaxes de Peiteiros no ano 1928.

Luns 17 ás 23:00 h.: Noite de estrelas e petróglifos no Lombo do Roxás.

Mércores 19 ás 18:00 h.: Obradoiro de cestería tradicional de follato de millo, impartido por Esther Rodríguez. O prazo para inscribirse no obradoiro será do 12 ao 16 de agosto no correo electrónico: [ccrpeiteiros@gmail.com](mailto:ccrpeiteiros@gmail.com), prazas limitadas.

Xoves 20 ás 22:00 h.: concerto de Ameva dúo.

## **Música tradicional, obradoiros e unha andaina nocturna propón Peiteiros na Semana Cultural.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Luns, 10 Agosto 2015 18:04

---

Venres 21 ás 22:00 h.: concerto de canto popular co grupo do CCV de Peiteiros e Os Mulos, de Bueu.

Todos os actos, agás a observación de estrelas, terán lugar no Centro Cultural, ao lado da igrexa de vestixios románicos de San Miguel.

### **XXII Festival Folclórico Internacional:**

Sábado 22

Actuará o grupo anfitrión, Ecos e Agarimos, que como en todas as edicións será o responsábel de iniciar o Festival. Ecos e Agarimos, cunha traxectoria de máis de vinte anos, é a escola de música e baile tradicional da parroquia.

Ese mesmo día actuará o Rancho Folclórico da Casa do Povo de Rio Côvo, Barcelos, a A.C. Os Muíños de Oliveira, Pontearreas, a treboada Os Terribles de Tomiño e poñerá o broche ao Festival o grupo TradiSón de Gondomar, que conta con integrantes da parroquia de Peiteiros.

O Festival comezará xa ás 12 da mañá con obradoiros diversos de baile e música abertos á participación de quen quixer achegarse. Os obradoiros serán de 12 a 14 horas durante a mañá e de 17:00 a 19:00 pola tarde e serán impartidos polos propios grupos participantes. Na xornada de Tarde, ás 18:00 proxectarase o vídeo sobre o grupo Ecos e Agarimos.

O XXII Festival Folclórico conta coa colaboración do Concello de Gondomar e a Comunidade de Montes de Peiteiros